

Santiago de Compostela, 22-9-1951

Sr. D. Luis Seoane
Buenos Aires.

Meu querido amigo:

Este día lín no xornal "La Noche" un artigo de Lorenzana adicado a ti. Lendo o artigo sentín ganas de che escribir unhas liñas pra che decir que somos moitos, mais dos que ti te imaxinas, os que eiquí seguimos con atención e con sincera admiración a laboureira teimosa, calada e eficaz que ano tras ano ves realizando en proveito do patrimonio espiritual galego. A influencia personalísima da túa laboureira percíbese ben en moitas cousas das que ahí se fan, sobre todo nas que constitúen motivo de orgullo pra nós. Moita xente que non te coñece persoalmente, sabe de ti e do que ahí ves facendo; tantas veces nos vimos pelerinaxes por Galicia tiveron que satisfacer a curiosidade dos que nos preguntaban por ti! Tamén nos preguntaban por outros, claro está, pois eiquí vivemos durante moitos anos cos ollos postos na outra banda do Atlántico. Dígoche todo isto, insisto que non veña moito a conto, porque a lectura do artigo de Lorenzana tróuxome ás mentes todas estas lembranzas e sentín un vivo desexo de comunicarchas.

Máis tarde tamén un traballino sobre a saudade que publiquéi no n.º 1 de "Grial". Por eiquí e en Portugal tivon boa acollida - mellor do que eu podía imaxinar - pero en Madrid expectou unha reacción violenta n.º algún xornal de por alí.

Dispin como gostes e recíbe unha forte aperta d'inte teu bo
amigo

Ramón Piñeiro